

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE MARZO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **CINCO DE MARZO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **DON GERARDO LAZARA MOREDA**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvementos Sostible, Rexistro de Entrada nº 916, de data 26 de febreiro de 2009, remitindo denuncia feita por axentes do Servizo de Conservación da Natureza contra D^oFernando Rodríguez García por abandono de vehículo marca Land Rover, matrícula PO-1808-P, nun camiño público preto do río Mera (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a D^o Fernando Rodríguez García para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

1.2.- Escrito de D^a Josefa Ferreiro García, en calidade de Presidenta da Asociación de Baile Xuvenil Fortín da Pomba, Rexistro de Entrada nº 953, de data 04 de marzo de 2009, indicando que o vindeiro día 26 de abril, a mencionada asociación vai a celebrar a IX edición do concurso de baile tradicional galego Azaloira, polo que solicitan:

- O primeiro premio, que ascende a cantidade de 1.500 □□□.

- Que se acondicione do mellor xeito posible, chegado o momento, a parte de atrás do Auditorio para que sirva de vestiario aos grupos participantes neste evento.
- Que se teña a ben presidir este acto de gran relevancia para o noso Concello, e facer extensiva esta invitación a todo o grupo de goberno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, indicando que o acondicionamento do vestiario farase na medida en que o posibiliten as obras que se están a executar.

1.3.- Escrito de Dº José Luis Lázara Failde, Rexistro de Entrada nº 893, de data 26 de febreiro de 2009, presentado alegacións a acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000251, da Patrulla do Seprona de Lalín, por abandono de vehículo nun descampado próximo a “Maderas Rensuar”, na parroquia de Chapa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, a vista das alegacións presentadas, por unanimidade acorda conceder a Dº José Luis Lázara Failde un prazo de dez días, a contar dende a recepción deste acordo, para a retirada do vehículo denunciado, e que por parte da Policía Local se proceda a comprobar tal retirada unha vez finalizado o prazo.

1.4.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 898, de data 26 de febreiro de 2009, remitindo resumen da conta de explotación do servizo municipal de augas correspondente ó ano 2008, no que figuran por trimestres e como resumen anual os datos relativos a número de abonados, m3 e euros facturados, volumen de impagados, importe do canon de saneamento da Xunta de Galicia, remuneración de Espina & Delfín S.L. e informes trimestrales do funcionamento ad EDAR no ano 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2º.- SUBVENCIONES.-

2.1.- “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA” do PPC.

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Dous e liquidación, de data 06 de novembro de 2.008, polo importe de 73.521,40 □□□, correspondente a obra “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”, executada por TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dous e liquidación da obra “MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS

PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”, por importe de 73.521,40 €, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal- Director das Obras, Dº. José Antonio Presas Ferreiro.

2º.- Aprobar a seguinte factura correspondente a esta certificación:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
06 11 08	48/08C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L.	73.521,40 €

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2.009, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes de “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”, por procedemento negociado sin publicidade e tramitación urxente, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que , de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 5 de marzo de 2.009, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- N.º de rexistro de entrada: 927, de data 2 de marzo de 2.009. Empresa: Construcciones Miguez Xestoso S.L.

Quedando excluídas da licitación as seguintes empresas invitadas:

- Areán Construcciones S.L., por ter presentado un único sobre de licitación, sin identificar si se trata do sobre A ou B, con N.º de rexistro de entrada: 934, de data 3 de marzo de 2.009.

- Construcciones Pereiro- Campos S.L., que presentou carta de renuncia de data 5 de marzo de 2.009.

Tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa, e examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e coa abstención da Sra.Alcaldesa, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de de “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso” por procedemento negociado sen publicidade á empresa de Construcciones Miguez Xestoso S.L. polo prezo de 103.440,09 euros e 16550,41 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D. Victorino Míguez Salgueiro, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

3.2.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2.009, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes de “Mejora de los caminos: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sin publicidade e tramitación urxente, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que , de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 5 de marzo de 2.009, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- N.º de rexistro de entrada: 945, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Transportes y Maquinaria CP, S.L.
- N.º de registro de entrada: 948, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Rafer. S.L.
- N.º de registro de entrada: 955, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Fernández Sarmiento S.A.

Tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa,e dado que a oferta máis vantaxosa foi realizada por Transportes y Maquinaria CP, S.L., por ofertar un importe de melloras valorado en 9.008,68 euros; examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e coa abstención da Sra.Alcaldesa, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de de “Mejora de los caminos: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sen publicidade á empresa de Transportes y Maquinaria CP, S.L. polo prezo de 123.618,32 euros e 19.778,93 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D.Jesús Castro Punte, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

3.3.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2.009, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes de “Mejora de los caminos: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sin publicidade e tramitación urxente, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que , de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 5 de marzo de 2.009, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- N.º de rexistro de entrada: 946, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Taboada y Ramos S.L.
- N.º de registro de entrada: 947, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Rafer. S.L.
- N.º de registro de entrada: 956, de data 4 de marzo de 2.009. Empresa: Fernández Sarmiento S.A..

Tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa,e dado que a oferta máis vantaxosa foi realizada por Construcciones Fernández Sarmiento S.A., por ofertar un importe de melloras valorado en 11.658,00 euros; examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e coa abstención da Sra.Alcaldesa, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de de “Mejora de los caminos: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sen publicidade á empresa de Construcciones Fernández Sarmiento S.A. polo prezo de 193.795,46 euros e 31.007,27 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron

adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D. Isaac Fernández Sarmiento, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

3.4.- Escrito de Transportes y Maquinara CP, S.L., Rexistro de Entrada de data 05 de marzo de 2009, solicitando devolución de fianza definitiva de Caixa d'Estalvis de Catalunya, por importe de 4.870,35 €, correspondente á obra “Mellora dos Accesos aos núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas do municipio de Silleda” do PPC/07.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á devolución desta fianza.

3.5.- Visto que por acordo desta Xunta de Goberno local, en sesión de data 09 de xaneiro de 2009 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas para a adxudicación do servizo de “Asistencia Xurídica”, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que remitidas tres solicitudes de ofertas, únicamente se presentou a de D^a Carmen González Gómez, en data 25 de febreiro de 2009; e examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato do servizo de “Asistencia Xurídica” a D^a Carmen González Gómez, polo prezo de 27.840,00 € anuais (IVE incluído).

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D^a Carmen González Gómez, adxudicataria provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante .

QUINTO. Realizados os trámites anteriores, que por Secretaría emítase Informe-proposta e dese conta a esta Xunta de Goberno Local para resolver ao respecto.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas

4.1.1.- Examinado o expediente promovido por D^a M^a AUREA BLANCO PEREIRO, en virtude de instancia nº 5749, de data 06 de novembro de 2008, solicitando Licencia de actividade para construción dunha foxa de xurro na finca nº 395, polígono 504, zona 20 do plano catastral, nas proximidades do lugar de Reboredo, parroquia de Taboada (Silleda), segundo proxecto da Enxeñeiro Técnico Agrícola D^a Iria Taboada Pérez, visado polo Colexio Oficial en data 22 de xaneiro de 2009, actividade excluída do procedemento de avaliación e incidencia ambiental (Anexo III do Decreto 133/2008, do 2 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental).

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no diario Faro de Vigo, de data 02 de febreiro de 2009, non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 27 de febreiro de 2009.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 5749/08 instada por D^a M^a AUREA BLANCO PEREIRO, para construción dunha foxa de xurro na finca nº 395, polígono 504, zona 20 do plano catastral, nas proximidades do lugar de Reboredo, parroquia de Taboada (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para

que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

4.1.2.- Examinado o expediente promovido por Dº Francisco Castro Caramés, en representación de LACADOS Y BARNIZADOS CASTRO, S.L., en virtude de instancia nº 7346, de data 15 de novembro de 2007, solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de nave industrial para dedicala a taller de barnizados de madeira, a situar na parcela nº 1 da mazá nº 1 do parque Empresarial Área 33 (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial Dº César Méndez Lorenzo, visado polo Colexio Oficial en data 05 de novembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 05 de marzo de 2009.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 7346/07 instada por Dº Francisco Castro Caramés, en representación de LACADOS Y BARNIZADOS CASTRO, S.L., para acondicionamento e apertura de nave industrial para dedicala a taller de barnizados de madeira, a situar na parcela nº 1 da mazá nº 1 do parque Empresarial Área 33 (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

4.1.3.- Examinado o expediente promovido por Dº MANUEL ANTONIO ESTEVES RODRIGUES, en virtude de instancia nº 970, de data 25 de febreiro de 2008, solicitando

Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de nave industrial para dedicala a exposición e almacenamento de produtos de escaiola, pladur e aillamentos, a situar na parcela nº 1 da mazá nº 1 do parque Empresarial Área 33 (Silleda), segundo proxecto da Enxeñeiro Técnico Industrial Dº César Méndez Lorenzo, visado polo Colexio Oficial en data 12 de febreiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 05 de marzo de 2009.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 970/08 instada por Dº MANUEL ANTONIO ESTEVES RODRIGUES, para acondicionamento e apertura de nave industrial para dedicala a exposición e almacenamento de produtos de escaiola, pladur e aillamentos, a situar na parcela nº 1 da mazá nº 1 do parque Empresarial Área 33 (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as

catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,